



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 09/01/2010.

Alcalde Presidente:

D. Secundino García Casal.

Concelleiros presentes:

D. Manuel Varela Mecias.

D. Xosé López Gudín.

D^a María del Carmen Muiño Filgueira

D. Jesús Manuel Soto Vivero.

D. Constantino Bedoya Vázquez.

D. Hipólito Díaz Silva.

D. Juan Antonio Hermida Tembrás.

D. José Serafín Gudín Sabín.

D. Fernando Márquez Hermida.

Concelleiro ausente:

D. José Romero Ledo.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e cinco minutos do día nove de xaneiro de dous mil dez, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión extraordinaria celebrada o día vinteseite de novembro do pasado ano dous mil nove. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación da mesma, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes na sesión, acorda prestarlle a súa aprobación.

SEGUNDO. TOMA DE RAZÓN DE ACORDOS E RESOLUCIÓN.

Dase conta da aprobación pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión do día 21 de decembro do pasado ano 2009, do expediente de modificación de créditos nº 05/2009, de ampliación de crédito financiado con cargo a maiores ingresos, segundo o seguinte detalle:



Altas en Partidas de Gastos

Partida: grupo e artigo	Consignación actual	Incremento	Consignación resultante
1-22	664.671	13.000	677.671
4-22	99.000	12.000	111.000

Altas en Partidas de Ingresos

Partida: capítulo e artigo	Consignación actual	Incremento	Consignación resultante
11	593.200	25.000	618.200

Na sesión plenaria do 27 de novembro, xa foi informada a Corporación da necesidade de realizar esta última modificación no orzamento para 2009, cuxa contía exacta aínda non se coñecía nese momento.

O Sr. Bedoya interven para dicir que novamente se manifesta a mala previsión presupostaria do grupo de goberno, debida a que non se ten en conta o previsible incremento do gasto corrente, como xa advertira o seu grupo durante o debate do orzamento do 2009.

O Sr. Alcalde resposta que se trata únicamente de aproveitar unha mellora na recadación tributaria, que superou as previsións e ten permitido un pequeno pero necesario incremento da cantidade adicada a gasto corrente.

A Corporación queda enterada do contido da modificación orzamentaria de que se trata.

TERCEIRO. ACORDOS SOBRE MODIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS DO CONCELLO.

Dase conta da conveniencia de introducir algunhas modificacións puntuais e de detalle en relación con bens inmoables incluídos no Inventario de Bens deste Concello, debido ás causas que de seguido se explican en relación con cada un deles. O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos dez membros presentes na sesión, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

Polo referido ó edificio no que funciona o Punto de Atención Continuada do Servizo Galego de Saúde, así como ó resto das construcións e infraestructuras existentes no mesmo espazo, que orixinalmente era unha única finca, as modificacións son precisas para cumprimentar os trámites necesarios para a cesión dese edificio do PAC á Xunta de Galicia, que seguidamente farase cargo dos seus gastos de funcionamento. Un dos requisitos para esa cesión é que a edificación estea inscrita no Rexistro da Propiedade como un inmoable independente, o que obriga a realizar as modificacións que se propoñen e que se recollen nun informe técnico elaborado pola empresa Xestega, obrante no expediente. No que atinxe concretamente ó edificio do PAC, as súas características, segundo o indicado no referido informe técnico, coinciden co indicado no Inventario de Bens do Concello tras a modificación da folla correspondente realizada mediante acordo plenario do 10 de xaneiro do pasado ano



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

2009. Especificase agora que a finca xa figura inscrita no Rexistro da Propiedade de Narón, no Tomo 2.696, Libro 110, Folio 214, como finca 15.050, inscrición 1ª.

En relación coa Casa da Cultura e a parcela na que se atopa, a adaptación do Inventario á situación real require a modificación da folla do Inventario correspondente, para especificar que a edificación de que se trata, incluída no Inventario de Bens deste Concello como inmovible urbano nº 63, está realizada sobre parte dunha finca adquirida polo Concello mediante convenio urbanístico asinado co Bispado de Mondoñedo-Ferrol, o sete de xuño de mil novecentos oitenta e nove, diante do notario Fernando Máiz Cal, co número 201. Especificase igualmente que a edificación, de dúas plantas, ubícase nunha finca de 934,22 m², dos que ocupa 503 m² e ten unha superficie total construída de 706 m², sendo os seus lindeiros os seguintes: polo Norte, propiedade privada destinada á edificación de vivendas; polo Sur, vía pública municipal de acceso ó cemiterio; polo Leste, Avenida Marqués de Figueroa e polo Oeste, parcela na que se ubica o Centro de Saúde e parcela na que existe un depósito municipal de gas.

Con referencia á superficie non incluída nas parcelas descritas, que constitúe unha finca independente, na que se atopa un depósito de gas de propiedade municipal, procede a súa inclusión no Inventario, como inmovible urbano nº 75, especificando que foi parte dunha finca adquirida polo Concello mediante convenio urbanístico asinado co Bispado de Mondoñedo-Ferrol, o sete de xuño de mil novecentos oitenta e nove, diante do notario Fernando Máiz Cal, co número 201, que ten unha superficie de 378,69 m², sendo os seus lindeiros os seguintes: polo Norte, Bispado de Mondoñedo-Ferrol; polo Sur, pequena edificación pertencente á Compañía Telefónica e finca na que se atopa o Centro de Saúde; polo Leste, parcela na que se ubica a Casa da Cultura e polo Oeste, vía pública municipal denominada Rúa Casal.

Dase conta de seguido da conveniencia de modificar a folla do Inventario na que consta a inscrición da finca “Cortiña”, finca urbana nº 74 incluída no Inventario mediante acordo plenario do 15 de decembro de 2007. Sobre unha parte desa finca, a máis próxima ó río Grande do Xubia, o Concello realizou unha actuación de carácter medioambiental, denominada “restauración e posta en valor da ribeira do río Xubia”, basicamente consistente na ordenación dese espazo e a plantación de árbores autóctonas e propias da zona, financiada pola Deputación Provincial da Coruña e pola Xunta de Galicia, a través da AGADER. Aínda que a propia natureza da actuación realizada implica o uso público, resulta conveniente a adopción dun acordo expreso ó respecto, a efectos de xustificación das axudas empregadas para financiar a referida actuación, polo que a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda incorporar na referida folla do Inventario a indicación de que a parte da finca adicada a arboreto de especies autóctonas, sobre a que se realizou a referida actuación de “restauración e posta en valor da ribeira do río Xubia”, queda destinada ó uso público de maneira indefinida, sendo este o seu destino definitivo.

CUARTO. ROGOS E PREGUNTAS.



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

O Sr. Bedoya toma a palabra para formular o rogo de que se no sucesivo se instala alumeado navideño, se faga ben e non como se fixo este ano, xa que para eso é mellor non poñer nada, e que aínda que o grupo de goberno careza de espírito navideño, unha gran parte da poboación si que o ten; o mesmo pode dicirse, segundo o Sr. Bedoya, da cabalgata dos Reis Magos.

O Sr. Alcalde resposta que o espírito navideño é unha cuestión persoal e non municipal, e que para poder adicar máis cartos a esas actividades, habería que rebaixar a asignación para outras, o que se pode considerar se o propón o PP.

O Sr. Bedoya replica que se gasta moito en outras cousas inútiles.

Formula de seguido o Sr. Bedoya a pregunta de porqué aínda non se pasan ó día os recibos polo abastecemento de auga, a pesar de que agora hai máis persoal no Concello, e cando se porá ó día a facturación dese servizo.

O Sr. Alcalde resposta que o retraso débese en parte a un erro da entidade bancaria que xestiona os cobros, Caixa Galicia, que fixo que se pasaran varios recibos ó tempo, e que agora as lecturas dos contadores están actualizadas. En calquera caso, o servizo precisa de actualizacións importantes, débese informatizar tanto a xestión como a obtención das lecturas dos contadores, e tamén é preciso regularizar a situación de moitos contadores que se atopan dentro de propiedades privadas, cambios que se farán de maneira progresiva.

O Sr. Bedoya insiste en que co persoal que ten agora o Concello, o tema debería estar xa ó día, e o Sr. Alcalde resposta que hai soamente unha persoa máis que antes traballando nestas cuestións, e que tamén se melloraron outros aspectos do servizo, comezando pola colocación dun contador no depósito, que non había a pesar de ser obrigatoria. O Sr. López Gudín interven brevemente para dicir que é necesario ter máis persoal porque agora tamén hai que manter a EDAR e porque a xestión da auga para consumo humano é cada vez máis complicada e laboriosa.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,